

---

**Carlos Garrido, *A Tradução do ensino e divulgação da ciência*. Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo. 2016, 448 páxinas.**

---

Data de recepción: 25/10/2016 | Data de aceptación: 09/11/2016

A monografía titulada *A Tradução do ensino e divulgação da ciencia* publicada polo Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo (2016) vén sumarse ao importante elenco de obras da man de Carlos Garrido, doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e licenciado en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo, profesor de tradución de textos científicos e técnicos (galego, inglés e alemán) nesta mesma universidade e presidente da Comissom Lingüística da AGAL desde 2009. A súa investigación no ámbito da constitución do galego técnico-científico e da lexicoloxía xa deu pé no seu día a obras de referencia verdadeiramente monumentais no seu campo, como son o *Dicionário terminológico quadrilíngue de Zoologia dos invertebrados (alemán, inglés, espanhol, galego-português)*, publicado en 1997 e, máis recentemente, *O Modelo Lexical Galego* (2012).

Independentemente da escolla normativa ortográfica do autor, non cabe dúbida de que o rigor e exhaustividade que caracterizan todas as súas publicacións fan del unha referencia inescusábel neste seu ámbito de especialización, proba do cal é o facto de que o seu *Manual de galego científico*, publicado conxuntamente co catalán de renome Carles Riera i Fonts en 2000, xa conta cunha segunda edición revisada e ampliada que saíu do prelo en 2011, fenómeno editorial máis ben raro neste campo tan especializado. As súas obras, incluída esta súa achega máis recente, son, pois, de obrigada referencia para calquera que se interese pola ciencia non só no ‘portugués’ de aquén Miño, mais tamén no ‘galego’ de alén Miño e mesmo de alén mar, como vén demostrar o facto de que o *Dicionário de Zoologia e Sistemática dos Invertebrados (Português, Inglês, Alemão, Espanhol)* sairá publicado pola Universidade de São Paulo este mesmo ano.

A pesar de que hai que recoñecer que o propio título poida parecer algo denso, por ficar *a priori* algo confuso –a tradución do ensino por un lado e a divulgación da ciencia ou a tradución tanto do ensino e da divulgación da ciencia?– á diferenza das súas anteriores publicacións, o título desta nova obra reflicte o facto de que conxuga efectivamente as dúas facetas deste autor, froito da súa longa experiencia como tradutor, investigador e docente de tradución, nomeadamente a docencia e investigación da tradución de textos destinados ao ensino e á divulgación da ciencia,

por un lado, e a tradución destes textos, polo outro, sempre sen perder de vista, como non podía ser menos, a cuestión da habilitación dun modelo de galego culto harmonizado ou ‘galego-portugués’.

Como vén sendo habitual neste autor, as linguas estranxeiras dos textos de partida que se tratan no libro son o inglés e o alemán. Para alén da especialización lingüística docente e tradutora que lle son propios, a escollo destas dúas linguas responde a que son as que, na actualidade, maior repercusión e incidencia teñen nos campos da ciencia e da tecnoloxía. Cabe recalcar, para alén de máis, que, hoxe por hoxe, o cultivo do galego nos ámbitos do ensino e da divulgación da ciencia é moi escaso e estes son ámbitos de prestixio e, por tanto, esenciais para axudar a romper a diglosia aínda imperante e promover unha lingua plenamente normalizada, mesmo –e sobre todo– á vista de que o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* prohibe o uso do galego na docencia das matemáticas, da física e da química no ensino medio.

Unha simple ollada permite apreciar o alcance e a estrutura deste tomo dunhas 400 páxinas de natureza verdadeiramente enciclopédica, organizado en tres grandes bloques temáticos ou capítulos. O primeiro ofrece unha introdución moi detallada ao ensino e á divulgación da ciencia que se desenvolve ao longo de 85 páxinas divididas en varios subapartados, que abranguen desde a definición inicial do concepto de ciencia até a importancia do seu ensino e divulgación, pasando por unha visión extremadamente pormenorizada da tipoloxía textual en cuestión. Esta primeira parte senta, pois, as bases teóricas necesarias para abordar, a continuación, o segundo capítulo, que leva por título *Pautas, problemas e estratexias da tradución de textos destinados ao ensino e divulgación da ciencia*. Este bloque, moito máis curto do que os outros dous, serve para introducir unha serie de conceptos chave relacionados coas normas e procedementos de tradución, redundando nas estratexias tradutivas (instrumental a comunicativa), o que permite identificar os problemas que se abordan e dilucidan de xeito máis exhaustivo no terceiro capítulo. Esta última sección, de lonxe a máis extensa das tres e o núcleo principal do traballo, profunda moi polo miúdo, grazas a numerosos exemplos, na teorización, exposición e clasificación das mudanzas substanciais na tradución comunicativa en relación coas estratexias tradutivas. O capítulo divídese en 5 subseccións: cambios macroestruturais morfosintácticos e léxicos, cada unha delas desenvolvida, á súa vez, en varios subapartados; o tratamento da problemática que supoñen as diferenzas interculturais, prestando unha especial atención á cuestión da naturalización; referencias espaciotemporais desfasadas; melloría e actualización factual dos textos traducidos; correccións e mellorías formais. Un último bloque está dedicado a facer unha síntese global das deficiencias que se poden encontrar no texto de partida ou orixinal.

O libro pecha, como é de esperar nunha obra deste calibre académico, cunhas conclusións dunhas dez páxinas a modo de síntese que ben podería servir como unha introdución xeral ao libro, ao recoller de maneira global todos os elementos desenvolvidos nela. Finaliza, por último, cunha nutrida bibliografía actualizada e unha completa listaxe de todas as fontes de onde foron extraídos os exemplos que aparecen no corpo do texto que recolle.

En definitiva, unha contribución enciclopédica extremadamente esmerada academicamente e cunha grande utilidade para o galego no ámbito non só da tradución, mais tamén, de xeito máis xeral, da ciencia e dificilmente superábel.

*Robert Neal Baxter*  
*Universidade de Vigo*